

Prefixos

Sílabas con significados propios

Existe un tipo de sílabas que se sitúan sempre diante dunha palabra: os prefixos.

Estes prefixos teñen significado propio. Por exemplo, imaxínade que o curso pasado un compañeiro se foi do cole, pois ese neno sería o voso **ex**compañeiro, é dicir, que xa non o é.

"**Ex**" é un prefixo que indica que algo que era xa non o é. Pero hai moitos máis exemplos, coñedes algún?

Aquí vos deixamos algúns máis.

a-, an-: que non ten. **A**morfo, **a**rritmia

ante-: anterior a. **Ant**onte, **ante**pasado

bi-: dous. **Bi**color, **bi**cicleta

de-: negación ou desfacer. **Des**vestir

i-, in-: negación. **In**mortal, **im**probable

quilo-: mil veces. **Quiló**metro, **quilo**gramo.

mini-: pequeno. **Mini**bus, **mini**saia.


pre-: antes de. **Pre**fixo, **pre**historia.

sub-: por baixo. **Sub**mariño, **sub**terráneo.

super-: superior. **Super**mercado, **super**heroe

tele-: distancia. **Tele**visión, **tele**patía

tri-: tres. **Tri**dente, **tri**ciclo.



EX- a-
BÍ- Sub-